

ORFANDADE

CLASES PASIVAS

Terán dereito á pensión de orfandade os/as fillos/as do causante de dereitos pasivos que fosen menores de 21 anos, así como os/as que estivesen incapacitados/as para todo tipo de traballo antes do cumprimento da devandita idade ou da data de falecemento do causante.

No suposto en que a persoa orfa non realice un traballo lucrativo por conta allea ou propia, ou cando realizándoo, os ingresos que obteña en cómputo anual resulten inferiores ao importe do salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual, poderá ser beneficiario/a da pensión de orfandade sempre que, á data de falecemento do causante, fóra menor de 25 anos. Neste caso, a pensión extinguirase cando o/a titular cumpra os 25 anos de idade, salvo que estivese a cursar estudos, manténdose nestes supostos a percepción da pensión de orfandade ata o día primeiro do mes seguinte ao comezo do seguinte curso académico.

A adopción dunha persoa beneficiaria dunha pensión de orfandade dará lugar á extinción desta, con efectos a partir do día primeiro do mes seguinte á data da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.

A contía da pensión de orfandade é o 25 por 100 da base reguladora, no caso de que exista só un fillo ou filla.

Será o 10 por 100 da base reguladora para cada orfo/a, no caso de que existan varios descendentes con dereito a pensión. Neste caso, as porcentaxes de cálculo que se indican serán, respectivamente, do 12,50%; do 5% e do 7,5% no caso de que o/a funcionario/a falecese tras ser declarado inutilizado en acto de servizo ou como consecuencia deste último e de sinalarse no seu favor a correspondente pensión extraordinaria.

LÍMITE DA PERCEPCIÓN

O importe conxunto das pensións de orfandade non poderá superar, en ningún caso, o 50% ou o 100% da base reguladora, segundo exista ou non, respectivamente -con dereito a pensión- cónxuxe viúvo, excónxuxe ou parella de feito da persoa falecida.

As porcentaxes que se indican non poderán superar, respectivamente, o 25% ou 50% no caso de que a persoa funcionaria falecese tras ser declarada non útil para o servizo ou como consecuencia deste último e de sinalarse no seu favor a correspondente pensión extraordinaria.

SEGURIDADE SOCIAL

O obxecto é protexer a situación de necesidade económica ocasionada polo falecemento da persoa que orixina a prestación.

BENEFICIARIOS/AS:

Fillos/as da persoa falecida e, en determinadas circunstancias, os/as que achegue o/a cónxuxe sobrevivente. Tamén:

- Menores de 21 anos ou maiores en grao de incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez.

- Maiores de 21 anos e menores de 25 anos, cando non efectúen traballos por conta propia ou allea ou, cando realizándoos, os ingresos obtidos sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional que se fixe en cada momento. Se a persoa orfa estivese cursando estudos e fíxese os 25 anos durante o transcurso do curso escolar, a percepción da pensión de orfandade manterase ata o día primeiro do mes inmediatamente posterior ao do inicio do seguinte curso académico.

O dereito á prestación xorde tanto por falecemento como por desaparición do proxenitor ou proxenitora.

REQUISITOS:

Se o falecemento é anterior ao 1-1-2008, será necesario acreditar un período de cotización, que variará segundo a situación laboral do/a falecido/a e da causa que determina a morte:

- En **alta** ou situación asimilada á alta, 500 días dentro dun período ininterrompido de 5 anos inmediatamente anteriores ao falecemento ou 15 anos ao longo de toda a vida laboral.

- En **non alta**: 15 anos ao longo de toda a vida laboral.

- **Pensionistas**: Non se esixe período de cotización.

Se o falecemento é posterior ao 1-1-2008 e o/a falecido/a se encontraba en alta ou situación asimilada á alta, non se esixe período previo de cotización.

Tampouco se esixe período previo de cotización, cando a morte se produce como consecuencia de accidente ou enfermidade profesional.

CONTÍA:

A prestación económica calcúlase aplicando a porcentaxe do 20% á correspondente base reguladora, sendo esta diferente segundo a situación laboral da persoa na data de falecemento e da causa que determine a morte.

Cando non sobreviva ningún dos proxenitores, as prestacións correspondentes incrementaranse, segundo a situación de que se trate, nos importes establecidos.

A suma das pensións de morte e supervivencia estará limitada ao 100% da base reguladora do/da causante, agás excepcións.

EFFECTOS ECONÓMICOS:

- **Causantes en alta, asimilada á alta ou non alta**: Día seguinte á data do feito causante, cando a solicitude se presente nos 3 meses seguintes á data do falecemento.

- **Causantes pensionistas**: Día primeiro do mes seguinte á data do feito causante, cando a solicitude se presente nos 3 meses seguintes á data do falecemento.

Cando a solicitude se presente fóra dos **3 meses** seguintes á data do falecemento, percibirase cunha retroactividade máxima de 3 meses á data de solicitude.

PAGAMENTOS:

A pensión abóase mensualmente, con dúas pagas extraordinarias nos meses de xuño e de novembro, agás nas pensións de accidente de traballo e enfermidade profesional, que se reparten entre as doce mensualidades ordinarias.

A pensión ten garantidas contías mínimas e revalorízase ao comezo de cada ano.

Cando o orfo ou orfa sexa menor de 18 anos, a pensión de orfandade aboarase a quen o teña ao seu cargo e, directamente a el ou ela, cando alcance os 18 anos.

A pensión está exenta de tributación para os efectos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

COMPATIBILIDADES/INCOMPATIBILIDADES:

A pensión de orfandade será compatible con calquera renda de traballo de quen sexa ou teña sido cónxuxe do causante ou mesmo da persoa orfa, así como, se é o caso, coa pensión de viuvez que aquel/a perciba.

Non obstante o anterior, en determinadas situacións, a pensión poderase suspender ou ser incompatible con outras prestacións da Seguridade Social.

PAZOS:

Para a presentación da solicitude non existen prazos.

Para a resolución do expediente temos 90 días dende a data de presentación da solicitude.

EXTINCIÓN:

- Por chegar á idade máxima, agás persoas incapacitadas.

- Por cesar a incapacidade que outorga dereito á pensión.

- Por adopción.

- Por contraer matrimonio, agás excepcións.

- Por falecemento.

- Por comprobarse que non faleceu a persoa desaparecida.

O dereito á percepción da pensión non prescribe.

Se ao extinguirse a pensión a persoa beneficiaria non percibiu **12 mensualidades**, entregaráselle dunha soa vez a cantidade precisa para completala.

Para os efectos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, considérase que o/a falecido/a se encontraba en alta de pleno dereito na data do falecemento, aínda que a empresa incumprise as súas obrigas.

Concédesse, ademais, a cada persoa orfa e sobrevivente dunha parella de feito, unha indemnización especial a tanto alzado equivalente a unha mensualidade da base reguladora.